




DOCUMENTO DE EXPROPIACIÓN PREVIO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN

**“ITINERARIO PEONIL E REFORMA DE INTERSECCIÓN NA
AC-840 EN CURTIS (PQ 20+190 AO PQ 21+910)”**
Clave AC/15/066.06



CONSULTOR:



NOVEMBRO 2016

ÍNDICE DO DOCUMENTO

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

MEMORIA DESCRIPTIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA:

Anexo nº 1.	ANTECEDENTES
Anexo nº 2.	PLANEAMENTO
Anexo nº 3.	VIARIO
Anexo nº 4.	EXPROPIACIÓNS

DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

Plano nº 1.	SITUACIÓN E ÍNDICE
Plano nº 2.	REPLANTEO
Plano nº 3.	PLANTA DE ACTUACIÓNS
Plano nº 4.	SECCIÓNS TIPO

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

1. ANTECEDENTES

- 1.1. ANTECEDENTES TÉCNICOS
- 1.2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

2. LOCALIZACIÓN

3. TRAZADO

- 3.1. TRAZADO EN PLANTA
- 3.2. TRAZADO EN ALZADO
- 3.3. SECCIÓN TRANSVERSAL

4. FIRMES

- 4.1. CASOS DE PAVIMENTACIÓN
- 4.2. EXPLANADA
- 4.3. REHABILITACIÓN DA ESTRADA AC-840
- 4.4. FIRME COMPLETO NA ESTRADA AC-840
- 4.5. ESPAZO PAVIMENTADO EN ILLAS
- 4.6. SENDA PEONIL E ACCESOS

5. MOVEMENTO DE TERRAS

6. DRENAXE

- 6.1. DRENAXE TRANSVERSAL
- 6.2. DRENAXE LONXITUDINAL

7. ESTRUTURAS

8. EXPROPIACIÓN

- 8.1. VALORACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS
- 8.2. VALORACIÓN DE BENS AFECTADOS

9. SERVIZOS AFECTADOS

- 9.1. SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- 9.2. SERVIZOS DE SUBMINISTRO

10. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

11. DOCUMENTOS INCLUIDOS NO ANTEPROXECTO

12. CONCLUSIÓN

1. ANTECEDENTES

1.1. ANTECEDENTES TÉCNICOS

A estrada AC-840, da que forma parte o ámbito de actuación do presente proxecto, percorre desde Betanzos (AC-542) ata o límite provincial en Agolada (N-640), e pertence á Rede Primaria Básica de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En marzo de 2011 redáctase o proxecto de construción “*Itinerario Peonil e reforma de interseccións na AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*”, as actuacións previstas nese proxecto comprendían a creación dunha senda peonil, a mellora das interseccións existentes co viario local e provincial e a mellora das condicións do firme incluíndo unha nova capa de rodadura.

Á vista do tempo transcorrido dende a redacción do devandito proxecto, faise necesario adecuar os obxectivos anteriormente presentados ás necesidades actuais da zona adaptando as obras definidas no proxecto previo.

En consecuencia co anterior, o presente proxecto de construción ten como finalidade definir e desenvolver as distintas unidades de obra, precisas para poder levar a cabo as obras correspondentes ás necesidades, definíndoas completamente na memoria, planos, prego de prescricións técnicas particulares e orzamento, documentos que integran este proxecto.

1.2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Por resolución de 22 de xullo de 2015, da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia iniciouse a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación dos traballos de "*Reformulación do proxecto de construción da obra: Itinerario Peonil e reforma de interseccións na AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*", de clave AC/15/066.06.

Por resolución do 30 de xullo de 2015, a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou a Deseños Estruturais e Viarios, S.L. a realización do devandito traballo, quedando formalizado o contrato coa mesma data.

2. LOCALIZACIÓN

A área de actuación sitúase na estrada AC-840, pertencente á Rede Primaria Básica de Estradas de Galicia, dende o PQ 20+140 ata o 21+910, no Termo Municipal de Curtis, provincia de A Coruña.

Na Orde de Estudio do presente proxecto indicase que o comezo do mesmo iníciase no PQ 20+190, na realidade optouse, de acordo coa dirección de obra e o responsable municipal, en darlle continuidade a senda proxectada para unila ao camiño existente, motivo polo cal a obra comeza no PQ 20+140.



Figura 1. Localización da zona de proxecto

3. TRAZADO

3.1. TRAZADO EN PLANTA

A actuación definida no presente proxecto consiste na creación dun itinerario peonil pola marxe dereita da estrada AC-840 no treito entre o PQ 20+140 ao 21+910, incluíndo a reforma dalgunhas interseccións.

A senda peonil defínese a partires do borde actual da plataforma, aproveitando deste xeito toda a beiravía existente, agás nalgún puntos.

Co obxecto manter unha referencia da senda ao quilometraxe da estrada, defínese o eixo **AC-840-N** de xeito auxiliar, correspondendo co tronco da estrada AC-840 dende o inicio do tramo proxectado no PQ 20+140 até o PQ 21+910.

3.2. TRAZADO EN ALZADO

Dadas as características da actuación, no se ten definido un trazado en alzado para os eixes dos viarios existentes, senón un axuste progresivo nos abanos de enlace coa glorieta. A aliñación exterior do carril partirá dunha cota definida na glorieta e variará linealmente ata rematar na cota actual do viario existente.

3.3. SECCIÓN TRANSVERSAL

Na táboa seguinte resúmense as seccións tipo utilizadas en cada treito:

SECCIÓNS TIPO			
PQ INICIAL	PQ FINAL	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN
20+146,82	20+176,81	S6	Cuneta+ Senda+Noiro
20+183,28	20+243,19	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+243,19	20+252,44	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+252,44	20+270,02	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+270,02	20+183,81	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+183,81	20+187,14	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+187,14	20+302,80	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+302,80	20+313,20	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+313,20	20+323,65	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+323,65	20+466,58	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+466,58	20+476,331	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+476,31	20+622,07	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+622,07	20+629,05	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+629,05	20+668,99	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+668,99	20+675,60	S3	Cuneta de acceso
20+648,61	20+745,53	S4	Bordo+Senda+Peitoril
20+765,32	20+784,61	S5	Bordo+Senda (Marxe edificada)
20+814,99	20+883,17	S5	Bordo+Senda (Marxe edificada)
20+883,17	20+900,84	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+900,84	20+906,84	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+906,84	20+932,83	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+932,83	20+940,83	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+940,83	20+958,82	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+958,82	20+966,03	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+966,03	20+992,48	S5	Bordo+Senda (Marxe edificada)
20+992,48	20+998,97	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+998,97	21+023,27	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+023,27	21+025,86	S6	Cuneta+Senda+Noiro
21+036,81	21+051,59	S6	Cuneta+Senda+Noiro
21+051,59	21+058,61	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+058,61	21+132,18	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+132,18	21+223,59	S7	Rodadura+Ampliación+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+223,59	21+227,21	S8	Rodadura+Ampliación+Cuneta +Senda+Noiro

SECCIÓNS TIPO			
PQ INICIAL	PQ FINAL	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN
21+234,21	21+238,25	S8	Rodadura+Ampliación+Cuneta +Senda+Noiro
21+238,25	21+275,90	S7	Rodadura+Ampliación+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+275,90	21+284,48	S9	Rodadura+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+284,48	21+304,57	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+304,57	21+312,14	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+312,14	21+329,53	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+329,53	21+342,71	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+342,71	21+357,56	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+357,56	21+367,00	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+367,00	21+327,48	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+327,48	21+335,59	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+335,59	21+471,42	S9	Rodadura+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+471,42	21+481,81	S10	Ampliación de plataforma, ramplas e muros
21+481,81	21+507,47	S9	Rodadura+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+507,47	21+540,00	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+540,00	21+600,00	S3	Cuneta de acceso+Senda
21+600,00	21+618,80	S6	Cuneta+Senda+Noiro
21+618,80	21+650,52	S5	Bordo+Senda (Marxe edificada)
21+650,52	21+659,87	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+676,65	21+683,65	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+683,65	21+697,11	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+697,11	21+707,40	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+707,40	21+713,26	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+713,26	21+721,32	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+721,32	21+728,63	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+728,63	21+734,58	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+734,58	21+792,79	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+792,79	21+798,49	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+798,49	21+840,18	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+840,18	21+880,00	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro

3.3.1. SECCIÓN TIPO S1

A sección tipo S1 é a máis habitual da senda. Consiste nos seguintes elementos, dende o borde da plataforma:

- Cuneta de seguridade con ancho total de 1,50 m e profundidade 0,15 m, contando cunha pendente de H:V=8:1 no caixeiro adxacente á estrada, e H:V=2:1 no caixeiro exterior.
- Separador vexetal de ancho 0,50 m, sirve como banda auxiliar para a colocación de equipamento.
- Senda peonil de ancho variable, adaptada ao límite do espazo dispoñible, cun mínimo de 1,80 m.




Figura 1. Sección tipo S1

3.3.2. SECCIÓN TIPO S2

Nas seccións onde exista un acceso, a sección tipo prescinde do separador vexetal, alongándose o caixeiro exterior até o borde da senda peonil co obxecto de proporcionar un vado franqueable:

- Cuneta de seguridade con ancho total de 2,00 m e profundidade 0,15 m. Incorporárase un mallazo para unha mellor durabilidade ao paso de vehículos.
- Senda peonil de ancho variable, cun mínimo de 1,80 m. Tamén cun mallazo de reforzo.




Figura 2. Sección tipo S2

3.3.3. SECCIÓN TIPO S3

En algúns casos nos que non existe espazo suficiente ou para accesos consolidados, proxéctase unha cuneta en todo o ancho dispoñible, reforzada cun mallazo:




Figura 3. Sección tipo S3

3.3.4. SECCIÓN TIPO S4

Entre os PP.QQ. 20+684,61 e o 20+745,53 a senda percorre a vertical do túnel do FF.CC. Neste caso proxéctase un bordo tipo C5 para a conducción das augas superficiais, e unha senda elevada de ancho 1,80 m. Prográmase a substitución do peitoril existente por un metálico, ancorado na trabe de cabeza dunha pantalla de perfís metálicos IPE-100 fincados.




Figura 4. Sección tipo S4

3.3.5. SECCIÓN TIPO S5

Na circunstancia de que a marxe da estrada estea edificada, non deixando espazo para a disposición da sección completa, substitúese a cuneta por bordo tipo C5 e suprímese o separador vexetal.




Figura 5. Sección tipo S5

3.3.6. SECCIÓN TIPO S6

Proxéctase como sección de transición antes de interseccións ou accesos consolidados unha sección que prescinde do separador vexetal, e na que a cuneta vaise estreitando até desaparecer á altura da intersección.




Figura 6. Sección tipo S6

3.3.7. SECCIÓN TIPO S7, S8 E S9

Entre os PP.QQ. 21+132,18 e o 21+284,48 proxéctase a reforma da intersección coa estrada local que leva ao cemiterio. Neste ámbito, a sección da senda corresponde coa S1 e S6, pero coa ampliación da plataforma e/ou o fresado necesarios para levar a cabo o devandito acondicionamento da intersección.




Figura 7. Sección tipo S7




Figura 8. Sección tipo S8




Figura 9. Sección tipo S9

3.3.8. SECCIÓN TIPO S10

Entre os PP.QQ. 21+471,42 e 21+507,47 é necesario modificar lixeiramente a configuración actual da plataforma, xa que non se dispón do espazo suficiente para o paso peonil na marxe dereita, tendo en conta que hai unha diferenza de cota de preto de 80 cm entre a rasante da estrada e a superficie de paso peonil. Deséñanse daquela un sistema de ramplas e muros que permitan salvar o desnivel.




Figura 10. Sección tipo S10

4. FIRMES

4.1. CASOS DE PAVIMENTACIÓN

No presente proxecto inclúense varias casuísticas de pavimentación:

- Zonas nas que existe pavimento bituminoso na actualidade, nas que unicamente se estenderá unha capa de rodadura nova, previo fresado.
- Zonas nas que é necesaria a execución da sección estrutural completa por non existiren na actualidade un firme axeitado.

4.2. EXPLANADA

Nos casos nos que é necesaria a execución da sección completa do firme considérase necesaria a disposición de 75 cm de solo seleccionado para obter explanada de categoría E2

4.3. REHABILITACIÓN DA ESTRADA AC-840

No tronco da estrada AC-840 no que xa existe firme bituminoso proxéctase o fresado do mesmo dun espesor de 3 cm da capa de rodadura existente e a extensión no espazo fresado de mestura bituminosa descontinua do tipo BBTM 11A con betume modificado con polímeros BM-3b (PMB 45/80-60) segundo a denominación da UNE-EN 14023), trala aplicación sobre a superficie fresada limpa dunha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m² que garanta 285 g/m² de ligante residual, cumprindo deste xeito as prescricións do PG-3.

4.4. FIRME COMPLETO NA ESTRADA AC-840

Nas zonas nas que cómpre realizar unha ampliación da plataforma proxéctase a execución da sección estrutural completa. Entre as seccións de firme recollidas na figura 2.2 da Norma 6.1-IC, en función das

categorías de explanada e de tráfico pesado (E2 e T2 respectivamente, neste caso), óptase pola sección nº 221, formada por 25 cm de saburra artificial e 25 cm de mestura bituminosa.

De entre as posibilidades que permite a citada Norma 6.1-IC na súa táboa 6, adóptase a seguinte sección estrutural:

- Rodadura: 3 cm de formigón bituminoso tipo BBTM 11A BM-3b F
- Intermedia: 10 cm de de formigón bituminoso tipo AC-22 bin BC50/70 S (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER dotación de 500 g/m² que garanta 285 g/m² de ligante residual.
- Base: 12 cm de formigón bituminoso tipo AC-32 base BC50/70 G (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m² que garanta 285 g/m² de ligante residual.
- Subbase: 25 cm de saburra artificial. Sobre esta capa aplicarase unha rega de imprimación mediante emulsión C50BF5 IMP cunha dotación de 1500 g/m², que garante 600 g/m² de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

4.5. ESPAZO PAVIMENTADO EN ILLAS

Para a pavimentación das bandas rebasables das illas das interseccións, deseñouse a seguinte sección estrutural

- Lastro granítico de dimensións 10x10x10 cm.
- Morteiro de asento de 2 cm.
- Formigón HNE-20 de 20 cm de espesor.

4.6. SENDA PEONIL E ACCESOS

A senda peonil pavimentarase con 15 cm de formigón tintado en masa HF-4,0, con acabado pulido por medios mecánicos ou ben lavado (árido visto).

Os accesos a fincas paviméntanse con 15 cm de formigón en masa HF-4,0.

Nos casos de accesos, tanto a senda como a cuneta refórzanse cun mallazo Ø8#20/20.

5. MOVEMENTO DE TERRAS

Segundo o estudio realizado para calcular os volumes de movemento de terras se chegouse as seguintes conclusións:

- Volumes extraídos: 1.749,75 + 641,72 + 103,09 + 298,05 = 2.792,61 m³
- Material aproveitado: (1.749,75 + 641,72 + 103,09) x 1,06 = 2.644,23 m³
- Volumes para recheos: 1.430,05 + 555,81 = 1.985,86 m³
- Material sobrante: 658,37 + 298,05 m³ = 956,42 m³

6. DRENAXE

6.1. DRENAXE TRANSVERSAL

Nos treitos da AC-840 afectados polo proxecto existen tres obras de drenaxe transversal, incluíndo cruces de calzada das cunetas existentes. A súa situación e características resúmense na seguinte táboa

ZONA	DENOMINACIÓN EN PLANOS	P.Q.	Ø (mm)
O Ensanche	ODT-1	21+235	800
O Ensanche	ODT-2	21+470	800
O Ensanche	ODT-3	21+670	800

Proxéctase a prolongación das obras afectadas polo trazado, co mesmo diámetro que o tubo existente.

6.2. DRENAXE LONXITUDINAL

Enténdese como drenaxe lonxitudinal o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que podan ser evacuadas, ben a unha obra de drenaxe transversal, ben directamente ao terreo natural, de modo que non cause danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a ter en conta son as seguintes:

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 25 anos, segundo a instrución 5.2-IC “Drenaxe Superficial”.
- O elemento principal de recollida e conducción da auga é a cuneta, para a que se adoptan a seguinte tipoloxía:
 - Para a senda peonil proxéctase unha cuneta de seguridade revestida cuxo vértice está situado a 1,25 m do borde da calzada, o noiro do caixeiro é tal que a profundidade no vértice é de 0,15 m. O caixeiro exterior ten un ancho de 0,25 m.
- Aos efectos de evitar sedimentacións como consecuencia dunha reducida velocidade da auga, as cunetas revestiranse con 10 cm de formigón. A máxima velocidade admisible da auga en cunetas revestidas será de 6,0 m/s.
- Baixo toda cuneta revestida dispórase un dren subterráneo lonxitudinal de modo que recolla as augas que se filtren a través do firme e que no poden ser evacuadas directamente á cuneta. As velocidades da auga no dren deben estar comprendidas entre 0,7 e 4 m/s.

7. ESTRUTURAS

Tendo en conta de que a contorna do PQ 21+500 da estrada AC-840 atópase nunha cota inferior á da devandita estrada foi necesario proxectar dous muros de contención que sirvan para sostemento da mesma, xerando o espazo necesario para a inclusión de rampas.

Os muros denomináronse do xeito seguinte:

- Muro 21+490 ME
- Muro 21+490 MD

A tipoloxía escollida para a contención lateral é de muro en ménsula de formigón armado, con talón e punteira. Na figura seguinte reflíctese a sección tipo da zona onde se proxectan as estruturas.




Figura 11. Sección tipo

8. EXPROPIACIÓNS

No anexo nº 4 *Expropiacións* inclúese a relación de propietarios afectados polo proxecto, o plano de parcelario incluído en devandito anexo é unha valoración dos terreos para expropiar e dos bens afectados. Os terreos para expropiar e os bens afectados atópanse na súa totalidade no termo municipal de Curtis.

A fixación da liña perimetral da expropiación (poligonal de expropiación) con relación á aresta exterior da explanación, queda definida nos planos parcelarios que se achegan como apéndice nº 1 ao presente anexo.

Como paso previo e necesario para a delimitación dos terreos de carácter privado que sería necesario expropiar, solicitouse ao Servizo Provincial de Infraestruturas da Coruña o límite do dominio público da estrada AC-840.

Non se considerou necesario efectuar expropiacións en relación cos servizos afectados, posto que, na afección existente a liñas eléctricas non se prevé a instalación de novos apoios ou postes.

8.1. VALORACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS

Para a valoración do conxunto das expropiacións necesarias inclúese o 5% do valor para expropiar en concepto de premio de afección.

Non se considerou indemnización por rápida ocupación das parcelas, posto que non se estiman prexuízos derivados dunha rápida ocupación, como mudanzas ou colleitas pendentes, xa que non hai en xeral chans habitados ou cultivados na zona para expropiar.

Da aplicación dos prezos unitarios adoptados ás superficies afectadas para os diferentes tipos de aproveitamento e demais circunstancias, obtivéronse os valores parciais e totais das devanditas afeccións. Na táboa seguinte recóllese o resumo da valoración dos bens e dereitos afectados.

SITUACIÓN	SUPERFICIE (m²)	VALORACIÓN (€)
URBANIZADO	60,78	1.615,53
RURAL	296,69	1.780,14
TOTAL	357,47	3.395,67

A esta cantidade incrementamos o 5% por afección, polo que ascende a cantidade valorada a **TRES MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS //3.565,46€//**

8.2. VALORACIÓN DE BENS AFECTADOS

Ademais dos terreos antes mencionados, son afectados unha serie de bens privados, clasificáronse de dúas maneiras diferenciadas, por unha banda aparece un listado con números de fincas que coinciden coas da táboa de expropiacións, estes bens atópanse nos terreos a expropiar e merecen compensación. Por outra banda inclúese outra táboa na que os bens aparecen referenciados por letras, devanditos bens non son susceptibles de ser aboados posto que atópanse ubicados en dominio público e enténdese que foron compensados no seu día ou ben foron instalados de xeito irregular.

A valoración estimada ascende á cantidade de **MIL CENTO OITENTA E SEIS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS //1.186,70€ //**

9. SERVICIOS AFECTADOS

Distínguense dous tipos de servizos afectados: os que son de administración pública e os que dependen da subministración de compañías privadas. A reposición dos primeiros inclúese no Documento nº4 Orzamento, como unidades de obra, mentres que a segunda recóllese no orzamento para coñecemento da Administración como servizos afectados.

9.1. SERVICIOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Por medio da información reflectida no PXOM de Curtis e dos datos obtidos nas visitas de campo e os traballos de topografía, detectáronse as seguintes afeccións a servizos de administración pública:

- Será necesario o recrecido de tapas de rexistro das liñas de abastecemento e saneamento.
- Resultan afectadas varias farolas sobre báculo, e varios postes da liña de alumado público, que terán que ser retranqueados.

9.2. SERVICIOS DE SUBMINISTRO

9.2.1. LIÑAS ELÉCTRICAS

Será necesario o retranqueo de liñas aéreas de telecomunicacións na marxe dereita da AC-840 que interrompen a construción da senda que se proxecta. Estímase, a continuación, a cantidade da afección para o Coñecemento da Administración.

9.2.2. LIÑAS DE TELECOMUNICACIÓN

Será necesario o retranqueo de catro postes en todo o trazado.

10. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

Tendo en conta as medicións das distintas unidades de obra, estimase que é necesario e suficiente un prazo de execución para a completa realización das obras incluídas no presente anteproxecto de SEIS (6) MESES.

11. DOCUMENTOS INCLUIDOS NO ANTEPROXECTO

O presente anteproxecto consta dos seguintes documentos, dando cumprimento ao establecido no artigo 123 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado no Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro:

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

MEMORIA DESCRIPTIVA

MEMORIA JUSTIFICATIVA:

- Anejo nº 1. ANTECEDENTES
- Anejo nº 2. PLANEAMENTO
- Anejo nº 3. VIARIO
- Anejo nº 4. EXPROPIACIÓN

DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

- Plano nº 1. SITUACIÓN E ÍNDICE
- Plano nº 2. REPLANTEO
- Plano nº 3. PLANTA DE ACTUACIÓN
- Plano nº 4. SECCIÓNS TIPO

12. CONCLUSIÓNS

Á vista de canto antecede e considerando os documentos que se acompañan, temos a honra de elevar este proxecto á superioridade para a súa aprobación se procede.

A Coruña, novembro de 2016

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Autor do Proxecto

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Director do Proxecto



Asdo.: Hadrián Arias Durán

Asdo.: José Enrique Pardo Landrove

Visto e praxe,
A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos
Xefa do Servizo

Asdo.: Mª Jesús Tejada López

1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Por resolución de 22 de xullo de 2015, da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia iniciouse a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación dos traballos de "*Reformulación do proxecto de construción da obra: Itinerario Peonil e reforma de interseccións na AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*", de clave AC/15/066.06.

Por resolución do 30 de xullo de 2015, a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou a Deseños Estruturais e Viarios, S.L. a realización do devandito traballo, quedando formalizado o contrato coa mesma data.

2. ANTECEDENTES TÉCNICOS

A estrada AC-840, da que forma parte o ámbito de actuación do presente proxecto, percorre desde Betanzos (AC-542) ata o límite provincial en Agolada (N-640), e pertence á Rede Primaria Básica de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En marzo de 2011 redáctase o proxecto de construción "*Itinerario Peonil e reforma de interseccións na AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*", as actuacións previstas nese proxecto comprendían a creación dunha senda peonil, a mellora das interseccións existentes co viario local e provincial e a mellora das condicións do firme incluíndo unha nova capa de rodadura.

Á vista do tempo transcorrido dende a redacción do devandito proxecto, faise necesario adecuar os obxectivos anteriormente presentados ás necesidades actuais da zona adaptando as obras definidas no proxecto previo.

En consecuencia co anterior, o presente proxecto de construción ten como finalidade definir e desenvolver as distintas unidades de obra, precisas para poder levar a cabo as obras correspondentes ás necesidades, definíndoas completamente na memoria, planos, prego de prescricións técnicas particulares e orzamento, documentos que integran este proxecto.

Achégase no apéndice a orde de estudio.

APÉNDICE 1. ORDE DE ESTUDIO

ORDE DE ESTUDO

A Axencia Galega de Infraestruturas ven de detectar a necesidade de realizar diversas actuacións encamiñadas ao fomento da mobilidade sostible na estrada AC-840 e ao incremento da seguridade viaria da zona, entre os p.Q. 20+190 ao 21+910, no Concello de Curtis; o que aconsella a redacción dun proxecto para o seu estudo e valoración.

Á vista de todo o anterior, PROPOÑO:

- 1 Que baixo a dirección da Área de Planificación e Programación desta Axencia Galega de Infraestruturas, sexa redactado o seguinte estudo:

Tipo de estudo: Proxecto de construción.

Actuación: Reformulación do proxecto de construción da obra: "Itinerario peonil e reforma de interseccións na AC-840 en Curtis (P.Q. 20+190 ao 21+910)".

Clave: AC/15/066.06

Programa: Fomento da Mobilidade Sostible

Situación: Concello de Curtis

Clase de estrada: Estrada convencional

Obxecto do estudo: Desenvolvemento completo da solución óptima, co detalle suficiente para facer factible a súa construción e posterior explotación.

Contido do estudo: O indicado para os do seu tipo nas Instrucións para a Redacción de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Antecedentes a considerar:

O proxecto construtivo "Construción de itinerario peonil e RI na AC-840 en Curtis (P.K. 20+190 ao 21+910)", de clave AC/10/075.06.

Descrición da actuación:

A actuación proposta consiste na realización dun tramo dun itinerario peonil en puntos concretos do tramo comprendido entre os P.Q. 20 +190 ao 21 +190 da estrada AC-840, para proporcionar visibilidade por medio do aclaramento creado pola antedita senda e ordenar o dito tránsito peonil, mellorando a seguridade viaria.

Valorar a posibilidade de reformar as interseccións coa estrada AC-840 nas que se presentan deficiencias de visibilidade.

Orzamento estimado:

Outras instrucións particulares:

- Manterase a coordinación adecuada con outros centros directivos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Deputación Provincial da Coruña, co Concello de Curtis e co resto de entidades e organismos que se puideran ver afectados ou que puidesen aportar datos de interese para a redacción do estudo.
- Estudarase con detalle a reposición de camiños, vías pecuarias, accesos, servidumes e servizos que resulten afectados, incluíndo no estudo as actuacións que se estimen necesarias para a súa correcta reposición.

- 2 Que o antedito estudo, unha vez redactado, sexa remitido dende o Servizo de Proxectos ó Servizo de Supervisión de Proxectos da Área de Planificación e Programación para a súa supervisión.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2015

APROBADO,

O xefe da Área de Planificación e
Programación

O director da Axencia Galega de
Infraestruturas


Carlos Lefler Gullón


Francisco Menéndez Iglesias


1. OBXECTO


Dado o carácter e a natureza das obras que se inclúen no presente Proxecto, non cabe falar de planeamento viario na aceptación literal da expresión xa que isto presupón o estudo dunha rede con distintas alternativas de distribución das correntes de tráfico nas distintas vías que o compón.


2. PLANEAMENTO URBANO

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Curtis foi aprobado o 19 de setembro de 2007. Inclúense no presente anexo as referencias de planeamento urbano no concello de Curtis, e da ordenación das marxes da estrada en proxecto.

APÉNDICE 1. PLANOS DO ÁMBITO CONTIDOS NO P.X.O.M.









1. OBXECTO

O presente anexo ten como obxecto describir xeometricamente o viario incluído no proxecto.

2. TRAZADO EN PLANTA

A actuación definida no presente proxecto consiste na creación dun itinerario peonil pola marxe dereita da estrada AC-840 no treito entre o PQ 20+140 ao 21+910, incluíndo a reforma dalgunhas interseccións.

A senda peonil defínese a partires do borde actual da plataforma, aproveitando deste xeito toda a beiravía existente, agás nalgún puntos.

Co obxecto manter unha referencia da senda ao quilometraxe da estrada, defínese o eixo **AC-840-N** de xeito auxiliar, correspondendo co tronco da estrada AC-840 dende o inicio do tramo proxectado no PQ 20+140 até o PQ 21+910. No apéndice nº 1 ofrécese as listaxes de trazado en planta do eixo definido.

3. TRAZADO EN ALZADO

Dadas as características da actuación, non ten sentido definir un trazado en alzado xa que a actuación debe cingirse á cota actual do borde da plataforma.

4. SECCIÓN TRANSVERSAL

Defínense dez tipos de sección para a senda, o uso das cales está supeditado ao espazo dispoñible.

4.1. SECCIÓN TIPO S1

A sección tipo S1 é a máis habitual da senda. Consiste nos seguintes elementos, dende o borde da plataforma:

- Cuneta de seguridade con ancho total de 1,50 m e profundidade 0,15 m, contando cunha pendente de H:V=8:1 no caixeiro adxacente á estrada, e H:V=2:1 no caixeiro exterior.
- Separador vexetal de ancho 0,50 m, sirve como banda auxiliar para a colocación de equipamento.
- Senda peonil de ancho variable, adaptada ao límite do espazo dispoñible, cun mínimo de 1,80 m.




Figura 1. Sección tipo S1

4.2. SECCIÓN TIPO S2

Nas seccións onde exista un acceso, a sección tipo prescinde do separador vexetal, alongándose o caixeiro exterior até o borde da senda peonil co obxecto de proporcionar un vado franqueable:

- Cuneta de seguridade con ancho total de 2,00 m e profundidade 0,15 m. Incorporase un mallazo para unha mellor durabilidade ao paso de vehículos.
- Senda peonil de ancho variable, cun mínimo de 1,80 m. Tamén cun mallazo de reforzo.




Figura 2. Sección tipo S2

4.3. SECCIÓN TIPO S3

En algúns casos nos que non existe espazo suficiente ou para accesos consolidados, proxéctase unha cuneta en todo o ancho dispoñible, reforzada cun mallazo:




Figura 3. Sección tipo S3

4.4. SECCIÓN TIPO S4

Entre os PP.QQ. 20+684,61 e o 20+745,53 a senda percorre a vertical do túnel do FF.CC. Neste caso proxéctase un bordo tipo C5 para a condución das augas superficiais, e unha senda elevada de ancho 1,80 m. Prográmase a substitución do peitoril existente por un metálico, ancorado na trabe de cabeza dunha pantalla de perfís metálicos IPE-100 fincados.




Figura 4. Sección tipo S4

4.5. SECCIÓN TIPO S5

Na circunstancia de que a marxe da estrada estea edificada, non deixando espazo para a disposición da sección completa, substitúese a cuneta por bordo tipo C5 e suprímese o separador vexetal.




Figura 5. Sección tipo S5

4.6. SECCIÓN TIPO S6

Proxéctase como sección de transición antes de interseccións ou accesos consolidados unha sección que prescinde do separador vexetal, e na que a cuneta vaise estreitando até desaparecer á altura da intersección.




Figura 6. Sección tipo S6

4.7. SECCIÓN TIPO S7, S8 E S9

Entre os PP.QQ. 21+132,18 e o 21+284,48 proxéctase a reforma da intersección coa estrada local que leva ao cemiterio. Neste ámbito, a sección da senda corresponde coa S1 e S6, pero coa ampliación da plataforma e/ou o fresado necesarios para levar a cabo o devandito acondicionamento da intersección.




Figura 7. Sección tipo S7




Figura 8. Sección tipo S8




Figura 9. Sección tipo S9

4.8. SECCIÓN TIPO S10

Entre os PP.QQ. 21+471,42 e 21+507,47 é necesario modificar lixeiramente a configuración actual da plataforma, xa que non se dispón do espazo suficiente para o paso peonil na marxe dereita, tendo en conta que hai unha diferenza de cota de preto de 80 cm entre a rasante da estrada e a superficie de paso peonil. Deséñanse daquela un sistema de ramplas e muros que permitan salvar o desnivel.




Figura 10. Sección tipo S10

4.9. TÁBOA RESUME

Na táboa seguinte resúmense as seccións tipo utilizadas en cada treito:

SECCIÓN TIPO			
PQ INICIAL	PQ FINAL	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN
20+146,82	20+176,81	S6	Cuneta+ Senda+Noiro
20+183,28	20+243,19	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+243,19	20+252,44	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+252,44	20+270,02	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+270,02	20+183,81	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+183,81	20+187,14	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro

SECCIÓN TIPO			
PQ INICIAL	PQ FINAL	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN
20+187,14	20+302,80	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+302,80	20+313,20	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+313,20	20+323,65	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+323,65	20+466,58	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+466,58	20+476,331	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+476,31	20+622,07	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+622,07	20+629,05	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+629,05	20+668,99	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+668,99	20+675,60	S3	Cuneta de acceso
20+648,61	20+745,53	S4	Bordo+Senda+Peitoril
20+765,32	20+784,61	S5	Bordo+Senda (Marxe edificada)
20+814,99	20+883,17	S5	Bordo+Senda (Marxe edificada)
20+883,17	20+900,84	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+900,84	20+906,84	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+906,84	20+932,83	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+932,83	20+940,83	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+940,83	20+958,82	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
20+958,82	20+966,03	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+966,03	20+992,48	S5	Bordo+Senda (Marxe edificada)
20+992,48	20+998,97	S2	Cuneta de acceso+Senda
20+998,97	21+023,27	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+023,27	21+025,86	S6	Cuneta+Senda+Noiro
21+036,81	21+051,59	S6	Cuneta+Senda+Noiro
21+051,59	21+058,61	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+058,61	21+132,18	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+132,18	21+223,59	S7	Rodadura+Ampliación+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+223,59	21+227,21	S8	Rodadura+Ampliación+Cuneta +Senda+Noiro
21+234,21	21+238,25	S8	Rodadura+Ampliación+Cuneta +Senda+Noiro
21+238,25	21+275,90	S7	Rodadura+Ampliación+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+275,90	21+284,48	S9	Rodadura+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+284,48	21+304,57	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+304,57	21+312,14	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+312,14	21+329,53	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+329,53	21+342,71	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+342,71	21+357,56	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro

SECCIÓNS TIPO			
PQ INICIAL	PQ FINAL	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN
21+357,56	21+367,00	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+367,00	21+327,48	S1	Cuneta+Separador+Senda+Noiro
21+327,48	21+335,59	S2	Cuneta de acceso+Senda
21+335,59	21+471,42	S9	Rodadura+Cuneta+Separador+Senda+Noiro
